

EXAME MONITOR LUDOTECA

A comprensión que ten un individuo do comportamento doutro baseado na súa propia experiencia denomínase:

- a) Empatía
- b) Simpatía
- c) Igualdade
- d) Holismo

**Piaget definiu unha serie de rasgos característicos do pensamento intuitivo infantil
¿Que é o sincretismo?**

- a) Concepción egocéntrica do mundo, dificultade para situarse no punto de vista de outro.
- b) Incapacidade para executar unha acción nos dous sentidos do seu percorrido.
- c) Tendencia a seleccionar e atender un so aspecto da realidade.
- d) A tendencia a percibir por visións globais, onde tódalas cousas se relacionan entre si.

¿Que é unha disartria?

- a) Un trastorno perceptivo.
- b) Un trastorno socio- afectivo.
- c) Un trastorno psicomotor.
- d) Un trastorno da fala.

¿Que é unha disgrafía?

- a) Un trastorno perceptivo.
- b) Un trastorno socio- afectivo.
- c) Un trastorno psicomotor.
- d) Un trastorno da fala.

¿Que é unha dislalia?

- a) Un trastorno perceptivo.
- b) Un trastorno socio- afectivo.
- c) Un trastorno psicomotor.
- d) Un trastorno da fala.

¿Que é unha dixprasia?

- a) Un trastorno perceptivo.
- b) Un trastorno socio- afectivo.
- c) Un trastorno psicomotor.
- d) Un trastorno da fala.

¿Que é unha disfemia?

- a) Un trastorno na fala.
- b) Unha dificultade na escritura.
- c) Unha dificultade no calculo.
- d) Unha deficiencia motora no desenvolvemento.

¿Que é a hiperactividade infantil?

- a) A hiperactividade infantil é un trastorno de conduta de orixe neurolóxico. O principal trastorno dos nenos hiperactivos é o “déficit de atención”
- b) A hiperactividade infantil é un trastorno de orixe medular. O principal trastorno dos nenos hiperactivos é un comportamento agresivo.
- c) A hiperactividade infantil é un trastorno na corteza cerebral que provoca que os nenos hiperactivos teñan un coeficiente intelectual superior á media.
- d) A hiperactividade infantil é un trastorno muscular que provoca que os nenos que a padecen presenten numerosos “tics”.

¿A que idade acceden os nenos ó concepto de hora e por tanto á capacidade de percibir o tempo de forma mais obxectiva?

- a) Ós tres anos.
- b) Ós catro anos.
- c) Ós seis anos.
- d) Ós oito anos.

.Durante o desenvolvemento moral dun neno ¿Que é a heteronomía moral?

- a) O neno asume as regras sen facer xuízos sobre elas.
- b) O neno cuestiona tódalas regras e actos dos adultos.
- c) O neno so asume as regras se non hai intereses persoais no medio.
- d) Dificultade do neno para asumir regras e normas.

¿Que establece a lei céfalo- caudal de control corporal nos nenos?.

- a) Contrólanse antes as partes do corpo próximas ó eixo corporal.
- b) Contrólanse antes as partes do corpo próximas á cabeza.
- c) Contrólanse antes as grandes masas musculares.
- d) Contrólanse antes os segmentos musculares pequenos.

¿Que establece a lei próximo- distal de control corporal nos nenos?.

- a) Contrólanse antes as partes do corpo próximas á cabeza.
- b) Contrólanse antes as partes do corpo próximas ó eixo corporal.
- c) Contrólanse antes as grandes masas musculares.
- d) Contrólanse antes os segmentos musculares pequenos.

Sinala cal das seguintes opcións non se corresponde coa valoración primaria do accidentado:

- a) Hai que avaliar o nivel de consciencia
- b) Deter a hemorraxia no caso de que exista
- c) Preguntar ás testemuñas que foi o que aconteceu
- d) Comprobar o pulso sanguíneo

Indica cal dos seguintes non é un principio básico de actuación ante calquera situación de emerxencia:

- a) Evitar o shock
- b) Manter ao accidentado quente
- c) Facer só o imprescindible
- d) Colocar ao ferido en posición horizontal se está inconsciente

Indica cal dos seguintes pasos non é correcto para levar a cabo a reanimación cardio pulmonar nos nenos:

- a) Fregar ao neno e darlle unhas palmadas sacudíndoo enerxicamente
- b) Colocalo en posición de cúbito supino
- c) Cubrir a boca do neno coa nosa, á vez que tapamos o nariz
- d) Soprar lentamente dúas veces (entre un segundo e segundo e medio)

As feridas incisivas son provocadas por:

- a) Obxectos con punta
- b) Obxectos cortantes
- c) Caídas e golpes
- d) Unha forte e violenta torsión e tracción

A manobra de Heimlich utilízase no caso de:?

- a) Atragantamento
- b) Hemorraxia
- c) Intoxicación
- d) Mordeduras de serpente

Os nenos e nenas de 3 a 5 anos:

- a) Tratan de acaparar a atención dos demais
- b) Pasan facilmente da alegría desbordante á tristura
- c) Teñen un gran desenvolvemento da psicomotricidade fina
- d) Exteriorizan facilmente todo o que pensan e senten

Un dos representantes máis destacados no modelo conductual das principais correntes psicolóxicas foi:

- a) Skinner
- b) Piaget
- c) Gagné
- d) Ausubel

Quen foi o impulsor e creador dunha das institucións infantís de maior transcendencia: o kindergarten?

- a) Juan Jacobo Rousseau
- b) Ovide Decroly
- c) Federico Froebel
- d) María Montessori

Segundo a Teoría de Piaget o estadio III (reaccións circulares secundarias) prodúcese:

- a) De 0 a 4 meses
- b) De 4 a 6 meses
- c) De 4 a 8 meses
- d) De 6 a 8 meses

As sensacións que dan información sobre a situación do corpo no espacio e forman a base do movemento son:

- a) Propioceptivas
- b) Interoceptivas
- c) Exteroceptivas
- d) Crioceptivas

Ata que idade a identidade sexual non se define polos xenitais senón polos esteorotipos externos?

- a) Ata os 7-8 anos
- b) Ata os 5-6 anos
- c) Ata os 9-10 anos
- d) Ata os 4-5 anos

Que é a competición nos nenos?

- a) Actitude aparentemente irracional na que os nenos parecen xogarse a vida.
- b) Condutas que son consideradas antisociais e agresivas, especialmente cando os seus desexos inmediatos se ven ameazados.
- c) Actividade orientada cara o eu na que o individuo se opón aos outros para conseguir certa superioridade xerárquica.
- d) Condutas que se dan en nenos que evitan as relacións cos demais.

Que provoca a pediculose?

- a) Piollos
- b) Lombrigas
- c) Febre
- d) Alimentos con toxinas

PREGUNTAS DE RESERVA

A que tipo de desenvolvemento pertence o apego?

- a) Ao afectivo
- b) Ao social
- c) Ao cognitivo
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

Que é a psicomotricidade?

- a) Unha técnica ou práctica que se leva a cabo no ámbito educativo ou pode referirse ao desenvolvemento psicolóxico do neno.
- b) É a educación do neno na súa globalidad.
- c) Técnica que tende a favorecer , polo dominio corporal, a relación e a comunicación que o neno vai establecer co mundo que o rodea.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas